



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 26-03-2021.

Expte: 2021/G010/000003

Na vila de Vimianzo, ás nove horas e seis minutos do día vinte e seis de marzo de dous mil vinte e un, na sala de sesións da Casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros de xeito presencial (PSdeG-PSOE) e telemático:

Presidenta: D. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa. (PSdeG-PSOE).

Concelleiros/as:

D. Víctor Manuel Muíño Ramos. (PSdeG-PSOE)
Dna. María José Pose Pérez. (PSdeG-PSOE)
D. Miguel Angel Pérez Méndez. (PSdeG-PSOE)
Dna. Rosa Blanco Lema. (PSdeG-PSOE)
D. Mario Andújar Mouzo. (PSdeG-PSOE)
D. Manuel Antelo Pazos. (A.V)
Dna. Marta Rey Lema. (A.V)
D. Eugenio Vidal Quintáns. (A.V).
Dna. María Jesús Barbeira Pose. (A.V)
D. Francisco Javier Trillo Pazos. (A.V).
Dna. Raquel Rodríguez Amigo. (PP).
D. Francisco Manuel Calzas Suárez. (PP).

Asisten telemáticamente tódolos membros da corporación excepto os pertencentes ó grupo político do PSdeG-PSOE.

Secretario Xeral: D. Francisco Javier Novoa Juiz.

Interventora Xeral: Dna. Rosa María Sánchez Martínez

ORDE DO DÍA:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de febreiro de 2021.

2º. Ditame sobre aprobación do expediente de contratación da subministración denominada "renovación de alumeado exterior do concello de Vimianzo" (expte núm. 2021/C005/000001)

3º. Ditame sobre aprobación do expediente de contratación do servizo de axuda no fogar (expte núm. 2021/C004/000002).

4º. Ditame sobre aprobación da modificación de crédito modalidade crédito extraordinaria 2021/CE/02 (expte núm. 2021/T002/000006).

5º. Ditame referente á moción presentada polo grupo municipal Adiante Vimianzo en relación ao parque eólico de Berdoias (expte núm. 2021/X999/000030).



B) Sección de control

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia. De xeito expreso dar conta da Resolución da Alcaldía núm. 1181/2020, do 19 de novembro de 2020 referente á modificación de créditos 2020/SC/03. Suplemento de crédito par a súa convalidación

7º. Dar conta do informe de Intervención en relación coas subvencións que recibiron os grupos políticos en 2020. Expediente Tedec: 2021/X999/000032

8º. Mocións de urxencia.

9º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de febreiro de 2021.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Dna. Marta Rey alega que no punto 5 atópase mal recollido o sentido da votación, ao que contesta a Alcaldesa-Presidenta aportando dilixencia de corrección do Secretario da Corporación do día 24 do presente mes sendo o resultado correcto da votación o de unanimidade a favor.

Ao non manifestar máis observacións sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de febreiro de 2021.

2º. Ditame sobre aprobación do expediente de contratación da subministración denominada "renovación de alumeado exterior do concello de Vimianzo" (expte núm. 2021/C005/000001).

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, celebrada o 23 de marzo de 2021 que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre aprobación do expediente de contratación da subministración denominada "renovación de alumeado exterior do concello de Vimianzo" (expte núm. 2021/C005/000001)

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 17 de marzo de 2021, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Aprobación do expediente de contratación da subministración denominada "renovación de alumeado exterior do Concello de Vimianzo". Expediente TDeC 2021/C005/000001.

Vista a providencia da alcaldía de data 17/03/2021 na que se xustifica a necesidade desta contratación, nos termos do art. 28 do TRLCSP, e pola que se inician os trámites para levar a cabo a contratación mixta de



subministración e obra para a execución do proxecto de “Renovación de alumado exterior do concello de Vimianzo”.

Visto o escrito con RE núm.202000000000904, de data 19/2/2020, polo que se da traslado da Resolución do IDAE de data 18/2/2020 pola que se concede unha subvención por importe de 1.889.894,76 euros, concedida ao amparo do establecido no Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favoreza o paso a unha economía baixa en carbono no marco operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE núm.144, de data 17/06/2017) modificado por Real Decreto 1516/2018, de 28 de decembro (BOE núm.314, de 29 de decembro de 2018) e Real Decreto 316/2019, de 26 de abril de 2019 (BOE núm.130, de data 30 de abril de 2019); así como o escrito con RE núm.202100000000739, de data 26/2/2021, polo que se comunica a prórroga do prazo de xustificación da formalización

Visto o proxecto de “Renovación de alumbrado exterior del ayuntamiento de Vimianzo”, con RE núm.202199900000283, de 15/03/2021, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Martín Lema Pose, colexiado núm.2343 do COETICOR, que ascende a un importe total de 2.362.368,47 euros.

Tendo en conta a documentación que consta no expediente, en concreto autorizacións sectoriais e informes técnicos ao respecto do proxecto e das propias autorizacións.

Visto que o valor estimado como máximo ascende a un millón novecientos cincuenta e dous mil trescentos setenta euros e sesenta e catro céntimos (1.952.370,64 euros), IVE non incluído e que o orzamento de licitación ascende a dous millóns trescentos sesenta e dous mil trescentos sesenta e outro euros e corenta e sete céntimos (2.362.368,47 €), estímase procedente a contratación mediante procedemento aberto, con varios criterios de adjudicación (subxectivos e obxectivos).

De conformidade coa Disposición Adicional 3ª.2 da LCSP, prevese a tramitación de xeito anticipado, condicionando a adjudicación á existencia de crédito no correspondente orzamento, xa que se está tramitando a modificación crédito na que se inclúe parte da financiación desta licitación.

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares de data 17/03/2021 e o proxecto que funciona como prego de prescricións técnicas de data 15/03/2021, que constan no expediente TEDeC.

Constan informes favorables emitidos pola Secretaría e pola Intervención municipais, en data 17/03/2021.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda dous da LCSP, ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais.

Por todo o exposto, elévase ao Pleno do concello previo ditame da comisión informativa de asuntos xerais, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de “Renovación de alumbrado exterior del ayuntamiento de Vimianzo”, con RE núm.202199900000283, de 15/03/2021, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Martín Lema Pose, colexiado núm.2343 do COETICOR, que ascende a un importe total de 2.362.368,47 euros, que funcionará como prescricións técnicas.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación, o prego de cláusulas administrativas particulares de data 17/03/2021, que rexerá a contratación, por procedemento aberto, tramitación ordinaria, para a contratación mixta de subministración e obra para a execución do proxecto de “Renovación de alumado exterior do concello de Vimianzo”.



Dispónse a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade de procedemento aberto e tramitación ordinaria, acordándose a non división en lotes segundo se xustifica no expediente de referencia.

Segundo.- De conformidade coa Disposición Adicional 3ª.2 da LCSP, prevese a tramitación de xeito anticipado, condicionando a adxudicación á existencia de crédito no correspondente orzamento.

Terceiro.- Publicar o anuncio de licitación na plataforma de contratos do sector público e no DOUE.

Cuarto.- Delegar na Xunta de Goberno Local a realización de trámites e adopción de acordos que sexan necesarios para a adxudicación e execución deste contrato.

O que asino en Vimianzo,

A alcaldesa,

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electrónicamente)”

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 de AV e 1 do PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A continuación a Alcaldesa- Presidenta explica a necesidade de aprobar o expediente de contratación deste contrato mixto buscando un equilibrio entre a calidade e o prezo para executar a obra coa maior calidade sen centrarse na baixa da oferta económica.

Dña. Marta Rey indica que presentaron emenda porque entenden que o reparto de puntos nos criterios de adxudicación non se axustan ó establecido no artigo 145 da LCSP xa que o criterio subjetivo de plan de traballo ten moito máis valor que o criterio obxectivo do prezo e así non se busca unha contratación ventaxosa e máis xusta. Ademais é relevante que noutros PCAP e concretamente o do SAF que vai no seguinte punto, a oferta económica ten máis valor puntuable. Por último, na emenda escrita propoñen que a mesa de contratación non teña asesoramento externo.

A Alcaldesa-Presidenta responde que os pregos foron enviados antes da celebración da comisión informativa e houbo tempo dabondo para trasladar o contido da emenda sen que na comisión se manifestase nada en relación coas puntuacións e habendo os informes de secretaría e intervención a favor e sendo totalmente transparentes, os pregos son correctos e co amparo da lei.

Continúa dicindo que o que se busca e o aforro enerxético e o equilibrio calidade prezo como dí a lei, e por experiencias pasadas, búscase calidade máis que entrar no risco de atopar baixas temerarias con todo o que elo conleva. Estase a falar de equilibrio en puntos 45-55 polo que o barato non ten porque ser o mellor e máis cando estamos ante un contrato subvencionado na súa maioría e o control posterior será moi exhaustivo.

Dña. Raquel Rodríguez dí que están a favor de que se execute a obra pero querían que se aclarase se se cumpre ou non coa lei.

Dña. Marta Rey replica que as baixas temerarias xa están reguladas no propio prego e que o que propoñen e darlle 30 puntos á oferta económica reducindo a puntuación do plan de traballo xa que a lei é clara, ademais, en relación coa presentación da emenda, o ROF permite presentalas por escrito e así se fixo.

O Secretario da Corporación a petición da Alcaldesa explica que os pregos son conforme a normativa de aplicación sendo os criterios de adxudicación de carácter discrecional.



A Alcadesa-Presidenta manifesta que se ofreceu reiteradamente para aclarar dúbidas do contidos dos pregos tanto na comisión como pola tarde e co técnico redactor do proxecto e por último, que consideraron que a proposta económica non debía ter tanto peso buscando maior equilibrio calidade prezo e non quere referirse ós problemas de privatizar traballadores. O obxectivo é sacar ó concello da penumbra sen perxudicar ós traballadores.

Pásase a votación da emenda presentada por A.V. obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 5 (A.V.).

EN CONTRA: 6 (PSdeG-PSOE).

ABSTENCIÓNS: 2 (PP).

Non se aproba por tanto a emenda ó ditame da Comisión Informativa Xeral.

Pásase á votación do ditame obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 6 VOTOS (PSdeG-PSOE).

EN CONTRA: 5 VOTOS (Adiante Vimianzo)

ABSTENCIÓNS: 2 VOTOS (PP)

Queda por tanto aprobado o ditame presentado.

3º. Ditame sobre aprobación do expediente de contratación do servizo de axuda no fogar (expte núm. 2021/C004/000002).

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social, celebrada o 23 de marzo de 2021 que se reproduce a continuación:

“1. Proposta de ditame sobre aprobación do expediente de contratación do servizo de axuda no fogar (expte núm. 2021/C004/000002).

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 17 de marzo de 2021, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Aprobación do expediente de contratación do servizo de axuda no fogar. Expediente TEDeC 2021/C004/000002.

Vista a providencia da alcaldía de data 25/02/2021 na que se xustifica a necesidade desta contratación, nos termos do art. 28 do TRLCSP, e pola que se inician os trámites para levar a cabo a contratación do servizo de axuda do fogar do Concello de Vimianzo.

Visto que o valor estimado como máximo ascende a dous millóns seiscientos once mil oitenta euros e dez céntimos (2.611.080,10 euros), IVE non incluído e que o orzamento de licitación ascende a un millón cento trinta e un mil trescentos noventa e seis euros e oitenta céntimos (1.131.396,80 €), estímase procedente a contratación mediante procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación (subxectivos e obxectivos).

Acreditada a existencia de consignación na aplicación orzamentaria 231.22799 para afrontar o gasto que poida representar esta contratación, segundo o informe de intervención de data 17/03/2021.



Visto o prego de cláusulas administrativas particulares de data 17/03/2021 e o prego de prescricións técnicas de data 16/03/2021, que constan no expediente TEDeC.

Constan informes favorables emitidos pola Secretaría e pola Intervención municipais, en data 17/03/2021.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda douros da LCSP, ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais.

Por todo o exposto, elévase ao Pleno do concello previo ditame da comisión informativa de benestar social, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, o prego de cláusulas administrativas particulares de data 17/03/2021 e prego de prescricións técnicas de data 16/03/2021, que rexerá a contratación, por procedemento aberto armonizado, tramitación ordinaria, para a contratación do servizo de axuda no fogar do concello de Vimianzo.

Dispónse a apertura do procedemento de adjudicación na modalidade de procedemento aberto armonizado e tramitación ordinaria, acordándose a non división en lotes segundo se xustifica no expediente de referencia.

Segundo.- Aprobar o gasto pola parte proporcional correspondente á anualidade do ano 2021 respecto do importe total anual de cinco centos sesenta e cinco mil seiscentos noventa e oito euros e corenta céntimos (565.698,40 €), IVE incluído, de conformidade co disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Os vindeiros exercicios económicos quedarán condicionados á existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente en cada exercicio económico.

Terceiro.- Publicar o anuncio de licitación na plataforma de contratos do sector público e no DOUE.

Cuarto.- Delegar na Xunta de Goberno Local a realización de trámites e adopción de acordos que sexan necesarios para a adjudicación e execución deste contrato.

O que asino en Vimianzo,

A alcaldesa,

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electrónicamente)”

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Benestar Social, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 de AV e 1 do PP), e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta explica que a última licitación quedou insuficiente en horas e se prioriza a calidade do servizo de atención ó fogar aumentando as horas sendo a duración do contrato de 2 anos máis 1 e 1 de xeito que se poida controlar mellor a execución do mesmo e valorar a prestación anualmente. Asímesmo se incrementa o prezo para adecualo ó mercado pasando a casi 30.000 horas priorizando criterios de calidade sobre oferta económica para evitar experiencias pasadas.

Dña. Raquel Rodríguez manifesta que o prezo adáptase perfectamente e que estamos ante un servizo fundamental para a xente do rural que sempre defenderan.



Dna. Marta Rey dí que hai que licitalo canto antes e critica que non se municipalice o servizo cando foi unha demanda do actual goberno.

A Alcadesa-Presidenta alégrase que se estea de acordo e responde que non se compare coa privatización que fixeron a actual oposición de A.V. xa que non se pode volver atrás e se perderon traballadores, en todo caso manifesta que non quere entrar en máis guerras.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

4º. Ditame sobre aprobación da modificación de crédito modalidade crédito extraordinaria 2021/CE/02 (expte núm. 2021/T002/000006).

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, celebrada o 23 de marzo de 2021 que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre aprobación da modificación de crédito modalidade crédito extraordinaria 2021/CE/02 (expte núm. 2021/T002/000006).

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 17 de marzo de 2021, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2021/CE/02

EXPTE TEDEC: 2021/T002/000006

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, e dado que se dispón de remanente líquido de Tesouraría segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, faise preciso a modificación de créditos 2021/CE/02 do Orzamento en vigor na modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría.

Visto que o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Que se aprrobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2021/CE/02, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con remanente de tesouraría para gastos xerais, para financiar os gastos seguintes:

- Dotar de crédito necesario para facer fronte a achega municipal do programa da Consellería do mar, anualidade 2021 do proxecto Senda do mar a terra, sendo a achega municipal de 25.484,28 €.
- Dotar de crédito as obras a realizar, de "Pavimentación de vial e mellora hidráulica na estrada de Baiñas a Dumbría", por importe de 220.000 €.
- Dotas de crédito as obras de mantemento de viais municipais nas parroquias de Vilaseco, Castrelo, San Fins, Serramo e As Cabazas, por importe de 40.000 €.
- Dotar de crédito as obra de reforzo da ponte de A Casiña, por importe de 15.000 €.
- Dotar de crédito o suministro de substitución de sinalización horizontal nas 14 parroquias do Concello de Vimianzo, por importe de 15.000 €.



- Dotar de crédito ao suministro de reposicións de mobiliarios en varios parques infantís de Vimianzo, por importe de 30.000 €.
- Dotar de crédito necesario para pavimentar a parte restante da Avenida da Gándara, por importe de 30.000 €.

Orzamento de gastos:

CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
6	Inversións reais	4.768.296,39	375.484,28	5.143.7801,67

Orzamento de ingresos:

CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
8	Activos financeiros	1.314.948,25	375.484,28	1.690.432,53

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Vimianzo, 17 de marzo de 2021

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordoñez.”

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, 3 abstencións (2 de AV e 1 do PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta explica o contido e destino da modificación orzamentaria proposta.

Dna. Raquel Rodríguez entende que son obras necesarias y solicita aclaración en relación ás de parques e xardíns.

Dna. Marta Rey dí que calquera obra que se propoña vai contar co seu apoio se é para o pobo.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que as obras de parques e xardíns, son para cambiar equipamentos existentes e pezas que dan problemas e hai que substituír porque nalgúns casos dan corrente estática. Así mesmo, da grazas ó obradoiro xa que se están a facer melloras con eles e hai que felicitálos.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

5º. Ditame referente á moción presentada polo grupo municipal Adiante Vimianzo en relación ao parque eólico de Berdoias (expte núm. 2021/X999/000030).

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión de Asuntos Xerais, celebrada o 23 de marzo de 2021 que se reproduce a continuación:



"2. Proposta de ditame referente á moción presentada polo grupo municipal Adiante Vimianzo en relación ao parque eólico de Berdoias (expte núm. 2021/X999/000030).

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal Adiante Vimianzo, na data do 30 de xaneiro de 2021 con RE 202199900000097, en relación ao parque eólico de Berdoias, promovido pola empresa Iberdrola Renovables Galicia SA, co seguinte teor literal:

"D. Manuel Antelo Pazos, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal *Adiante Vimianzo*, ao abeiro do artigo 97.3 do R.D. 2569/86 (ROF), presenta, para a súa consideración e debate no vindeiro Pleno ordinario da Corporación Municipal de Vimianzo, a seguinte moción **sobre alegacións ao parque eólico Berdoias e a súa estrutura de evacuación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1. Con data 15/10/2020 presentouse diante do Ministerio de Transición Ecolóxica a documentación correspondente para a avaliación ambiental do Parque Eólico Berdoias e a súa estrutura de evacuación, promovido pola empresa *Iberdrola Renovables Galicia SA*, someténdose a consulta pública.
2. O Parque Eólico Berdoias está previsto ubicalo nos montes de Berdoias, entre outros terreos, afectando directamente a varios conxuntos arqueolóxicos de moita importancia.
3. A Asociación Veciñal de Berdoias, a Asociación Cultural Colectivo A Rula e o Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte presentaron un conxunto de alegacións ao documento inicial do parque eólico exposto a consultas previas á avaliación ambiental para que se preservara a integridade dos conxuntos arqueolóxicos afectados, entre outras cousas.
4. Os mesmos colectivos, segundo nos consta, enviaron ao concello de Vimianzo unha copia das alegacións presentadas para que se remitisen a todos os grupos municipais co obxecto de acadar o apoio do Pleno da Corporación ás mesmas.
5. Tendo en conta que foi convocada a celebración do Pleno ordinario e que por parte da alcaldía non se nos remitiu aos grupos municipais as alegacións presentadas, consideramos necesario que sexa tratado este asunto, e apoiadas as alegacións polo concello de Vimianzo. Documento este que se anexa á presente moción.

Por todo o devandito propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. O Pleno da Corporación Municipal de Vimianzo acorda:

- Apoiar a facer súas as alegacións presentadas ao documento de inicio para a avaliación ambiental do Parque Eólico Berdoias e a súa estrutura de evacuación pola Asociación Veciñal de Berdoias, a Asociación Cultural Colectivo A Rula e o Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte.
- Remitir este acordo ao Ministerio de Transición Ecolóxica para que sexa tido en conta na resolución do expediente.

2. O Pleno da O Pleno da Corporación Municipal de Vimianzo acorda:

- Solicitar da empresa *Iberdrola Renovables Galicia SA*, promotora do parque eólico Berdoias e a súa estrutura de evacuación, a elaboración dun plan de mellora dos camiños rurais e forestais da parroquia de Berdoias.
- Solicitar da empresa *Iberdrola Renovables Galicia SA*, promotora do parque eólico Berdoias, a elaboración dun plan de delimitación e posta en valor dos conxuntos arqueolóxicos afectados polo parque eólico.
- Remitir este acordo á empresa *Iberdrola Renovables Galicia SA* para o seu coñecemento."

Consta no expediente o informe emitido polo arquitecto municipal asinado na data do 2 de marzo de 2021 que dí o seguinte:

"SERVIZO DE URBANISMO



Expte. nº: 2021/X999/000030

Asunto: Informe en relación a la moción presentada por Adiante Vimianzo referente a alegaciones al Parque Eólico de Berdoias.

ANTECEDENTES

26.11.2020

Desde Secretaría de Estado de Medio Ambiente, Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental, Subdirección General de Evaluación Ambiental, Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, se solicita informe municipal para incorporar al trámite de consultas en la Evaluación de Impacto Ambiental del proyecto "Parque Eólico Berdoias", con una potencia de 7,5 mw., situado en Vimianzo y Muxia (A Coruña)", a cuyo efecto se remite el documento de inicio del proyecto, cuyo promotor es Iberdrola Renovables Galicia S.A y cuya clave es SGEA/MVS/rdip/20200162

04.01.2021

El Servicio de Urbanismo emite el informe solicitado

05.01.2021

Se remite dicho informe al citado organismo estatal

02.02.2021

El Grupo Municipal Adiante Vimianzo presenta moción en el Pleno Ordinario de la Corporación en apoyo a las alegaciones que de manera unitaria presentan:

- Asociación Parroquial de Berdoias (da parroquia de Berdoias-Vimianzo)
- Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte (Semescom)
- Asociación Cultural Colectivo A Rula

INFORME

El Arquitecto Municipal que esto suscribe hace constar que las alegaciones a que se hace referencia en la moción incluyen referencias e informaciones que, siendo algunas de indudable interés, como las rutas de senderismo, o el trazado de la Ruta Xacobeá de Fisterra-Muxía, y siendo apropiadas en su contexto, tienen peor acomodo en un informe que ha de rendir cuentas en el seno de un expediente administrativo.

Completamente legítimas y convenientes en un documento de naturaleza política, su inclusión en un informe urbanístico unido al hecho de que las rutas no estén homologadas (tan sólo están señalizadas desde el verano), lo que las hace transparentes desde el punto de vista de su protección legal, no añadirían sino confusión a un informe que ha de ceñirse a los supuestos y situaciones de protección amparados por disposiciones normativas ciertas y públicas.

Aún así, es necesario señalar que la moción, aunque se limita a la simple descripción de los elementos de interés sin articular una argumentación urbanística-medioambiental que actúe de modo eficaz en la defensa del territorio, apunta en dirección coincidente con el informe ya planteado por este servicio en fecha 04.01.2021 y que ha sido requerido desde la Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental.

En todo caso, a su contenido me remito, reiterando sus conclusiones que reproduzco a continuación:

"CONCLUSIÓN:

Según lo expuesto se concluye que:

- 1) *El parque eólico de Berdoias no es conforme con la ordenación urbanística,*
- 2) *El impacto sobre el territorio es de una enorme trascendencia para el acervo etnográfico de Vimianzo y de Galicia desde el momento en que afecta de modo destructivo a un área con un extraordinario, y quizás único, potencial arqueológico estando además, alguno de los enclaves, recogidos en el Proyecto Sectorial Parque Arqueológico del Megalitismo de la Costa da Morte."*



Debe hacerse notar, en otro orden de cosas, que tras una atenta lectura del denominado Plan Eólico de Galicia, aprobado en Consello de la Xunta el 01.11.1997 con su modificación posterior aprobada por la misma institución en fecha 05.12.2002, se pone de manifiesto de modo muy notorio su cada vez más palmaria insuficiencia como referencia marco para su desarrollo mediante Proyectos Sectoriales de parques eólicos, o, Proyectos de Interés Comunitario como habrán de llamarse a partir de ahora con la nueva Ley de Ordenación del territorio en Vigor.

Lo que firmo en Vimianzo a 1 de marzo de 2021

El Arquitecto Municipal

Jefe del Servicio.”

Tamén consta informe emitido polo secretario do Concello asinado na data do 4 de marzo de 2021, que dí o seguinte:

“INFORME XURÍDICO:

ASUNTO: INFORME XURÍDICO EN RELACIÓN Á MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POR A.V. SOBRE ALEGACIÓNS O PARQUE EÓLICO DE BERDOIAS E A SÚA ESTRUTURA DE EVACUACIÓN.
EXPTE: 2021/X999/000030.

Legislación aplicable:

1. Lei 7/85 de 2 de abril (LBRL).
2. Ley 2/2016 de 10 de febrero (LSG).
3. Decreto 143/2016 de 22 de setembro (RLSG).
4. Real Decreto Legislativo 7/2015 de 30 de outubro (TRLIS).
5. Decreto de 17 de junio de 1955 (RSCL).
6. Lei 9/2013 de 22 de decembro (LECEG).
7. Decreto 144/2016 de 22 de setembro.
8. Decreto 20/2011 de 10 de febreiro.
9. NNSS de Vimianzo aprobadas o 1 de xullo de 1994.
10. Decreto 66/2016 de 26 de maio polo que se aproba o Regulamento de Estradas de Galicia.
11. Lei 4/2015 de 17 de xuño (LCP).
12. Lei 39/2015 de 1 de outubro (LPACAP).
13. Lei 10/95 de 23 de novembro (LOT).
14. Decreto 80/2000 de 23 de marzo.

Emítase o presente informe por acordo plenario de 2 de febreiro de 2021 polo que se retira da orde do día Moción de Urxencia referenciada, e vista a providencia de Alcaldía de data 15 de febreiro de 2021, unha vez emitido informe técnico polo arquitecto municipal o 2 de marzo de 2021 en base ó disposto nos artigos 54 do TRRL, 173 do ROF e 3.3.h) do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo.

Consideracións Xurídicas:

PRIMEIRA.- En relación a aspectos sustantivos e materiais do contido do escrito/alegacións presentado polas asociacións e seminario e asumido por A.V. na moción citada, remítome ó informe técnico municipal que reproduce as conclusións presentadas na fase de exposición pública previa á avaliación ambiental do proxecto do Parque Eólico de Berdoias.

SEGUNDA.- Desde un punto de vista formal, a administración pode actuar como órgano político e como órgano executivo conforme a interpretación e lectura do Título IV da CE, “Goberno e administración”.

Desde o punto de vista político, pouco que engadir xa que o Pleno é un órgano soberano que pode tomar acordos da máis ampla índole, xa que logo conforme a doutrina e xurisprudencia poderíanse reubicar como acordos programáticos ou institucionais, en moitos casos sen verdaderos efectos xurídicos por mor de incompetencias materiais ou insuficiencia legal.



Deste xeito, o apoio ó escrito das asociacións e seminario, rechazando a ubicación do parque eólico referido non ten ningún tipo de óbice procesal ou material máis que o aspecto formal do carácter extemporáneo do acordo tomado exclusivamente en concepto de alegación.

En todo caso, e tendo en conta os principios que regulan as relacións entre as administracións públicas e concretamente os de colaboración, cooperación, información mutua e respecto previstos entre outros nos artigos 10 e 55 e ss. da LBRL e no Título III da LRXSP, non vexo inconveniente xurídico para a súa adopción e remisión.

TERCEIRA.- En relación a pretensión de actuacións colaborativas por parte das empresas actuantes no construción dos parques eólicos consistentes en elaboración de plans de mellora de camiños e demais aspectos de difusión arqueolóxica, deberán reconducirse á figura do convenio contemplada no artigo 47 e ss. da LRXSP cos requisitos materiais e formais obrantes nos mesmos e coa posterior publicación nos termos previstos na normativa de transparencia e bo goberno.

Conclusión:

Á vista das consideracións xurídicas expostas, non vexo impedimento legal ou regulamentario algún para elevar ó Pleno da corporación o debate e votación da moción presentada tendo en conta os aspectos formais ós que fixen referencia.

É canto teño que informar a 4 de marzo de 2021.

O Secretario

Francisco Javier Novoa Juiz

Ante mín, A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez.”

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por catro votos a favor (2 PSdeG-PSOE e 2 AV), unha abstención do PP e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a moción presentada polo grupo municipal de Adiante Vimianzo referente ao parque eólico de Berdoias.”

A Alcaldesa-Presidenta explica que unha vez recopilados o informe técnico e xurídico como se acordara se eleva ó pleno.

Dna. Marta Rey comenta que a moción foi defendida no seu día para apoiar ás alegacións das asociacións que afectan ó patrimonio de Berdoias arqueolóxico e paisaxístico sendo o seu deber o de velar pola conservación deste patrimonio.

Dna. Raquel Rodríguez dí que se deixou sobre a mesa por falta de informes, non porque non estiveran de acordo polo que o seu voto será a favor.

A Alcaldesa-Presidenta traslada que recibiron bastantes peticións de parques en fase de avaliación ambiental e que o concello fixo os deberes presentando as alegacións en tempo e forma e que se remitirá esta alegación fora de prazo para tela en conta.

Dna. Marta Rey contesta que non lles consta que se presentaran alegacións, unicamente un informe pero non alegacións.

A Alcaldesa-Presidenta manifesta que hai que deixar de politizar os asuntos e desprestixiar, non hai nada que ocultar. En relación ás asociacións implicadas, houbo comunicación e transparencia con elas e non busca confrontación.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

B) Sección de control

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia. De xeito expreso dar conta da Resolución da Alcaldía núm. 1181/2020, do 19 de novembro de 2020 referente á modificación de créditos 2020/SC/03. Suplemento de crédito para a súa convalidación.



O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 24-02-2021 con número 167/2021 ata o día 23-03-2021 con número 284/2021.

Asímesmo, vótase a convalidación da modificación de crédito 2020/SC/03 adoptada por Resolución da Alcaldía núm. 1181/2021, do 19 de novembro de 2020, ao amparo de normativa excepcional Covid como explica o Sr. Secretario ademais de aclarar a Dña. Marta Rey que non estamos ante un punto obxecto de debate senón propio da fase de control, obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 6 (PSdeG-PSOE).

ABSTENCIÓNS: 7 (2 PP; 5 A.V.).

7º. Dar conta do informe de Intervención en relación coas subvencións que recibiron os grupos políticos en 2020. Expediente Tedec: 2021/X999/000032.

Dáse conta ao Pleno do Concello do informe de Intervención emitido na data do 12 de marzo de 2021 en relación coas subvencións recibidas polos grupos políticos no ano 2020.

O Pleno do Concello douse por enterado.

8º. Mocións de urxencia.

A alcadesa explica á moción de urxencia presentado polo grupo do PSdeG-PSOE o 23 de marzo de 2021 con RE 20210000001075 co seguinte teor literal:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), para que, á vista da xustificación remitida a este concello, toda a corporación do pleno se sume ao acordo de “APOIAR A INTEGRACIÓN NUN C.R.A DAS ESCOLAS UNITARIAS DE E.E.I DE CARANTOÑA, E.E.I DE CARNÉS, E.E.I DE TRABA, C.E.I.P DE CASTROMIL, C.E.I.P DE CAMELLE E C.E.I.P DE TORREXALLÓNS.

Asinado:

Mónica Rodríguez Ordóñez

XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DE INTEGRACIÓN NUN C.R.A.

INTEGRACIÓN NUN C.R.A DAS ESCOLAS UNITARIAS DE E.E.I DE CARANTOÑA, E.E.I DE CARNÉS, E.E.I DE TRABA, C.E.I.P DE CASTROMIL, C.E.I.P DE CAMELLE E C.E.I.P DE TORREXALLÓNS

A crise demográfica que afecta ao noso país e que azouta con especial intensidade ao rural é o trasfondo que marcou nos últimos anos, e segue marcando na actualidade, a evolución da matrícula de novo alumnado nos centros educativos de ámbito rural.

Os nosos centros non son alleos á evolución demográfica. Os concellos de Camariñas, Laxe e Vimianzo cunha caída do número de nacementos e cun incremento da emigración de familias con nenos/as en idade escolar, son testemuñas de esta realidade poboacional.

A constatación deste feito non fai máis que reforzar a idea de implementar a aplicación de medidas urxentes que axuden a deter o devalo de poboación. Esta mellora non depende só de que o sector primario sexa rendible. Tamén hai que fornecer a esta poboación uns servizos que favorezan as condicións de vida das persoas establecidas no rural. Neste sentido, os Colexios Rurais Agrupados configúranse como un elemento clave do ámbito educativo para atinxir este obxectivo:

A proximidade da escola ao domicilio do alumnado facilita a vida no rural e ao mesmo tempo enche de vida as aldeas nas que se localizan.



Os Colexios Rurais Agrupados (CRA) son unha agrupación de escolas rurais en varias aldeas distintas, coa finalidade de evitar o desarraigo dos nenos/as en idades temperás, e conseguir novas expectativas pedagóxicas. Esta modalidade de centro pretende favorecer:

- A calidade do ensino das comunidades rurais
- A participación de todos os membros da comunidade educativa.
- A coordinación dos equipos de traballo, aplicando proxectos conxuntos, que permitan a integración das aprendizaxes nos entornos respectivos.

A escola rural, en xeral, **favorece a experimentación educativa e facilita o desenvolvemento dunha pedagogía activa.** É unha escola con mestres polivalentes, con alumnos heteroxéneos, onde o mestre pode dedicarse a cada alumno. Conta cun sistema de ensino particular e tamén ten un horario flexible no que as sesións lectivas conforman un tecido continuo e globalizado, non suxeita a tempos ríxidos. Aínda que se caracteriza por ter pouco espazo, o pouco que ten é facilmente reconvertible. É unha escola aberta, no sentido máis amplo do termo, que vincula o alumno ao medio.

A presentación desta xustificación de conformidade e integración dentro dun C.R.A, formado polas escolas unitarias de:

E.E.I de Carantoña, E.E.I de Carnés, E.E.I de Traba, C.E.I.P de Camelle, C.E.I.P de Torrexallóns e C.E.I.P de Castromil, vén avalado pola boa disposición, previo informe á comunidade educativa dos distintos centros, de levar a cabo, se é posible, a realización do mesmo.

Para o éxito do presente proxecto é necesario que os membros dos respectivos consellos escolares, os claustros de profesorado, os representantes dos concellos e en definitiva toda a comunidade educativa colaboren na execución do mesmo.”

Pásase a votar a urxencia da Moción para o seu posterior debate e votación no seu caso obténdose o seguinte resultado:

Unanimidade a Favor.

Aberto o turno de intervencións, a Alcaldesa-Presidenta explica a reunión cos representantes doutros concellos na que se concluíu a presentación deste acordo para o que se solicita apoio.

Dña. Raquel Rodríguez dí que non entende como se trae como moción de urxencia e non forma parte da orde do día. Comenta que estamos ante un problema de fai tempo por falta de nenos e que o seu grupo firmou esta proposta en prazo polo que cre que debería ir na orde do día.

Dña. Marta Rey critica no mesmo senso xa que se trasladou a moción o día anterior pola tarde e a vontade de apoiar este acordo firmouno o seu grupo a mediados do mes pasado. Conclúe manifestando o seu apoio porque cree firmemente no mantemento das escolas rurais pero non entende o uso partidista dun asunto como este.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que non ten ningún interés de protagonismo neste asunto, e que se non entrou na orde do día foi por aspectos temporais xa que se recibiu a acta de Carantoña o 18 de marzo xa convocadas as comisións informativas. En todo caso, considera que non hai que facer sangue e se trouxo así porque se preguntou ó secretario e dixo que só se podía presentar por grupo político e non se ía esperar ata o mes de abril.

Rematado o turno de intervencións, pásase á votación da moción presentada polo PSdeG-PSOE para apoiar a integración nun C.R.A das escolas unitarias de E.E.I de Carantoña, E.E.I de Carnés, E.E.I de Traba, C.E.I.P de Castromil, C.E.I.P de Camelle e C.E.I.P de Torrexallóns, obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

9º. Rogos e preguntas.

Dña. Raquel Rodríguez roga máis consenso, transparencia e diálogo e pregunta cando se van a elaborar os orzamentos.



Dna. Marta Rey pregunta en relación ó cambio de horario dos plenos ordinarios que se adoptou de xeito provisional hai un ano e que perdida a provisionalidade cando se volverá ó horario fixado orixinariamente. Asímesmo solicita resposta á pregunta realizada no pleno anterior en relación con consumo das luces de Navidad.

A Alcaldesa-Presidenta agradece o diálogo co PP e desexa máis diálogo porque todo é mellorable. En relación ó orzamento comenta que tiñan un borrador e marchou a interventora e están a espera de novo interventor e se remitirá o borrador.

Por último, en relación co horario dos plenos ordinarios, dí que as circunstancias son as que son e non cambiaron e os plenos telemáticos permiten poder compatibilizar, e para o consumo das luces de Navidad se está cos cálculos.

Manifesta que debemos reflexionar e ter sensibilidade e traballar arreo con actitudes respectuosas.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 10:40 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 26 de marzo de 2021.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz